



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE DECEMBRO DE 2011**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1636/2011.- MARIA DEL CARMEN NIEVES SEOANE.-** Construción de almacén no lugar do Eixo de Abaixo, 8.

**LIC/1550/2011.- MARIA BEATRIZ FERNANDEZ MUIÑOS.-** Apertura de oco e forxado en escaleira na rúa da Rosa, 20.

**LIC/2354/2011.- JOSE OTERO OTERO.-** Construción de dous galpóns pegados para almacén de apeiros agrícolas no lugar da Sionlla de Arriba 14.

**LIC/857/2011.- ALUMINIOS CORTIZO.-** Construción de hangar para aloxamento de avión privado no Aeroporto de Santiago de Compostela.

**LIC/2287/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela A 117-118-120.

**LIC/2290/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela C (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

**LIC/2289/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela D (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

**LIC/2288/2011.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE, SL.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/08 para construción dunha nave sen uso determinado no Polígono Industrial de Costa Vella. Rúa da República Checa, parcela B (segregación das parcelas 117-118-119-120.)

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

**LIC/2377/2011.- VICTOR MANUEL MARTÍNEZ PAZOS.-** .....LIC/1199/2010 ..... 10.000 €

**LIC/2375/2011.- ROBERTO SANCHEZ GRELA** .....LIC/1802/2007.....1.500 €

**LIC/2379/2011.- RENATA OTERO RAMALLAL** .....LIC/203/2005.....2.500 €

**LIC/2391/2011.- ANGEL DANIEL LISTE MATA** .....LIC/2050/2001.....1.105,86 €

### **OCIHR**

#### **LICENZAS**

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

**LIC/872/2011.- MARÍA LUISA FROIZ VILLAVEVERDE.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na Calzada de Santo Antonio nº 11.

**DIS/362/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa do Franco nº 50.

**DIS/832/2011.- SOUTO CANEDA CONSTRUCCIONES SL.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na Calzada de Santo Antonio nº 18.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

A proposta da Concelleira de Urbanismo aprobáronse diversas axudas para vivendas e locais Comerciais no Casco Histórico: dúas para a renovación de elementos de madeira, unha de aprobación definitiva por un importe de 5.280 €, e outras tres de aprobación do pagamento da axuda por un importe de 23.162,52 €. Tamén se aprobou outra para un local comercial por un importe de 6.550,12 €. Estas actuacións prodúcense en virtude do Convenio suscrito entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago en materia de recuperación urbana.

#### **6.- Proposta do concelleiro delegado de Circulación e Mobilidade relativa á autorización para a instalación de postes electrónicos de información en paradas do transporte urbano.**

A XGL aprobou a instalación de dez postes informativos en paradas da rede de transporte urbano de Santiago, actuación que conta cunha inversión de 45.019,47 € (IVE excluído). Estes paneis informativo situaranse nas seguintes paradas:

- Virxe da Cerca-Praza de Abastos, dirección norte.
- Rúa da Senra, dirección sur.
- República Arxentina I.
- República Arxentina II.
- Rúa do Hórreo, cruce con Gómez Ulla.
- Rosalía de Castro, cruce con Romero Donallo.
- San Roque, dirección norte e sur.
- Rúa París, centro comercial.
- Avda. Castelao, facultade de Xornalismo

#### **7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso de pavillóns municipais de Fontiñas e Pontepedriña para a celebración do VI Torneo solidario de fútbol sala da campaña benéfica OPERACIÓN QUILO: Un quilo, un sorriso.**

A petición das entidades C.D. Belvís e Centro Don Bosco que solicitan a colaboración do Concello de Santiago para o desenvolvemento do VI Torneo solidario de fútbol sala a realizar desde o 27 a o 30 de decembro dentro da Campaña benéfica "Operación Quilo: un quilo un sorriso", e a proposta do Concelleiro de Deportes, a XGL tivo a ben aprobar o uso dos Pavillóns Municipais de Fontiñas e Pontepedriña durante os días indicados en horario de 20 a 23:30 horas, e tamén a colocación dentro das instalacións de puntos de venda de bebidas, puntos que deberán someterse o que marca a regulamentación a respecto da venda de bebidas en instalacións deportivas e tendo en conta que todo o recadado irá destinado á campaña Casa Rurais en Perú.

#### **8.- Proposta da concelleira delegada de Información relativa á anulación de reserva de crédito.**

A proposta da Concelleira de Informática, e ao non terse instalados puntos de información que se recollían no Convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración e a sociedade da información, a XGL aprobou anular a reserva de crédito por importe de 18.720 € para o exercicio 2011 destinado á instalación destes puntos de información.

#### **11.- Proposta da Concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

#### **48.- Proposta da alcaldía relativa á contratación de carrozas e trono real para a Cabalgata de Reis 2012.**

A proposta da Alcaldía a XGL aprobar a contratación de Carrozas e Trono Real para a Cabalgata de Reis 2012. A empresa contratada é Totality Group que ofertou os servizos por un importe de 17.700 €. Esta contratación inclúe unha carroza de temática infantil, unha carroza que representa a estrela de Belén e un decorado-trono recepción da Carteiro Real que se instalará no Pazo de Raxoi dende o 4 de xaneiro para atender as peticións dos nenos e que o día 5 de xaneiro fará de trono para a recepción dos Reis Magos.

**49.- Prórroga do contrato de Servizo corporativo de telefonía fixa para envío de voz do Concello de Santiago de Compostela.**

A proposta da Concelleira de Réxime Interior, a XGL aprobou a prórroga do Servizo corporativo de telefonía fixa para o envío de voz do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado á empresa Telefónica de España S.A. Esta prórroga será de 5 meses a contar desde o 29 de decembro de 2011 ata o 28 de maio de 2012. O importe a pagar pola prórroga é de 53.343,54 €.

**50.- Prórroga do contrato de Servizo Corporativo de telefonía móbil do Concello de Santiago de Compostela.**

A XGL aprobou a prórroga do servizo de telefonía móbil con Telefónica de España S.A. desde o 31 de decembro ó 30 de maio de 2012.

**51.- Prórroga do contrato de Servizo Corporativo de Transmisión de Datos do Concello de Santiago de Compostela.**

A XGL aprobou unha prórroga de 5 meses para o Servizo de transmisión de datos do Concello coa Empresa R Cable y Telecomunicaciones de Galicia S.A. Esta prórroga vai desde o 28 de decembro de 2011 ó 27 de maio de 2012.

**52.- Adxudicación do contrato de subscrición de póliza de seguro para a cobertura dos riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago.**

A XGL aprobou a subscrición dunha póliza de seguros para a cobertura dos riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivado do uso de vehículo a motor do parque móbil do Concello. Este seguro subscríbese coa empresa Bilbao Compañía Anónima de Seguros e Reaseguros por un importe de 36.000 €.

**53.- Dar conta da sinatura de diversos convenios.**

Deuse conta da firma dos seguintes convenios:

- Convenio Marco de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Telefónica de España para o impulso da innovación e as novas tecnoloxías.
- Convenio básico bilateral entre o Organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e o Concello de Santiago de Compostela polo que se formaliza a adhesión ao Convenio específico suscrito entre a Xefatura de Tráfico e a FEMP en materia de seguridade vial.

**URXENCIAS**

- 1.- Deuse conta da firma do Convenio entre o Concello e o Consorcio para a xestión do patrimonio artístico do Concello.
- 2.- Aprobeuse o gasto total da Cabalgata por importe de 55.000 euros (incluíndo os 17.700 da Cabalgata).
- 3.- Aprobeuse o gasto para o espectáculo de Fin de Ano por importe de 16.000 euros.